


# PALADOURO

ANO XIII


NÚMERO XXI



**C.E.I.P. TORRE-CELA  
BUEU**

## SUMARIO

### Noticias dos pequenos




- Saúdo dos máis pequenos
- O calendario
- O noso Magosto
- A viaxe a Pontevedra
- Panxoliña
- O Belén

### Departamento de Orientación

- Circulares informativas


### Noticias dos máis grandes



- A Paz
- Páxina literaria:  
poemas e contos
- Camilo José Cela
- Novas do noso entorno

### Humor

### Deportes







OS PEQUES DO COLE  
SAÚDAN A TÓDOLOS LECTORES  
DO NOSO XORNAL




MARCOS



ALIA



MANUEL



ISAAC


ISAAC




ALBA




VERÓNICA



ELENA



LUCÍA




I A O

IAGO



ADAN



DAMIÁN

" O NOSO CALENDARIO " (E. INFANTIL)



XANEIRO  
FRIOLEIRO  
DOS MESES  
O PRIMEIRO

MATEO

Xaneiro 2002



	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30	31			

INÉS

PARA PODER  
DISFRUTAR  
IMONOS  
DISFRAZAR

Febreiro 2002

	1	2	3
4	5	6	7
8	9	10	11
12	13	14	15
16	17	18	19
20	21	22	23
24	25	26	27
28			



Paub

MARZO MARZAN  
POLA MAÑAN  
CARINA DE ROSA  
POLA TARDE  
CARADE CAN

Marzo 2002



	1	2	3
4	5	6	7
8	9	10	11
12	13	14	15
16	17	18	19
20	21	22	23
24	25	26	27
28	29	30	31

do HANA

EN ABRIL  
CADAGOTA  
VALEPOR MIL

Abril 2002

	1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30	



**Maio 2002**



	S	M	M	V	S	S
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30	31		

MARZO VENTOSO  
 ABRIL CHUVIOSO  
 MAIO FLORIDO E FERMO  
 LARA

**Xuño 2002**

	S	M	M	V	S	S
			1	2		
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30

SAL SOLCINO  
 QUENTA ME  
 UM POUQUINO  
 UANESA



**Xulio 2002**

	S	M	M	V	S	S
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30	31	

NA PRAIA  
 VOU ME BANHAR  
 ESTE ANO  
 APRENDO A NADAR  
 AIDA

**Agosto 2002**

	S	M	M	V	S	S
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

XA APRENDIM  
 A NADAR  
 AGORA  
 VOU BUCEAR  
 IVAN




A MIÑA ESCOLA  
 VOLTAREI  
 EMIL GUSAS  
 APRENDEREI

Setembro 2002

						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30						

CARMEN




AS FOLLAS  
 VANSE CAER  
 EU VOUNAS  
 RECOLLER

Outubro 2002

1	2	3	4	5	6	
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30	31			

KEVIN



HUGO

AS CASTAÑAS  
 QUENTINAS  
 SON MELLORES  
 QUE FRESCUINAS

Novembro 2002

						1	2	3
4	5	6	7	8	9	10		
11	12	13	14	15	16	17		
18	19	20	21	22	23	24		
25	26	27	28	29	30			



O REI MELCHOR  
 E MEU AMIGO  
 MELLOR

Decembro 2002

								1
2	3	4	5	6	7	8		
9	10	11	12	13	14	15		
16	17	18	19	20	21	22		
23	24	25	26	27	28	29		
30	31							

BELEN



# O NOSO MAGOSTO

O venres 9 de novembro fixemo- lo magosto no colexio.  
Primeiro, preparamo-los cucurutos e un colar cunha castaña  
feita de cartolina.

Despois saímos ó patio a xogar á culler, estoupar grobos, etc.  
Mentras nos xogabamos, os nenos e nenas de 6º curso e dous  
mestres asaron as castañas. Cando xa estiveron asadas ...  
comímolas.

¡ ESTABAN RIQUÍSIMAS!

Cristian (2º)



## A VIAXE A PONTEVEDRA

O xoves, día 13 de decembro, fixemos unha excursión a Pontevedra. Primeiro paseamos por toda a cidade no "minitren", e cando pasamos pola beira do río Lérez vimos piragüistas. Despois fumos á Biblioteca Pública. Alí limos contos. Pablo e María fixéronnos un pallaso e divertímonos moito. Por último merendamos na Alameda e xogamos coas pombas. ¡Foi unha mañá que non esqueceremos!



Tomás García Souto (2º)

Daniel Navas Cousto

## PANXOLIÑA


ETIÑA QUE SER

ETIÑA QUE HABER

ALGÚN GALEGUÍÑO

ESA NOITE

EN BELÉN.



2010




# O Belén

Este ano fixemos o Belén con material de refugallo.

Nós fixemos ovellas con tubos de papel hixiénico e algodón.

Raquel (1º Curso)





# DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

## CIRCULARES INFORMATIVAS

Dende o Departamento de Orientación e coa colaboración do profesorado das unidades de Educación Infantil tomouse a iniciativa de desenrolar un Programa Preventivo dirixido os pais-nais da nosa comunidade escolar cunha dobre finalidade:

Favorece-la prevención de accidentes infantís no fogar e o mesmo tempo fomrntar unha actitude de cooperación entre o centro e as familias do entorno.

Mensualmente mándase unha circular informativa ás familias sobre contidos que consideramos de interés: alimentación, educación vial, xoguetes, prevención de accidentes, coidado persoal...etc.

En función da avaliación que se realizará a final de curso sobre o programa valorarase a conveniencia de continuar nos vindeiros cursos.

# Prevención problemas de alimentación

## Problemas coas comidas...

O nerviosismo, as preocupacións excesivas, os castigos e reproches á hora da comida non conducen a nada; todo o contrario, agravan o problema, ¿Que facer?

## Consellos prácticos:

- ✓ O primeiro que debemos facer é acudir ó médico para asegurarnos de que o neno/a non ten ningunha enfermidade física responsable dos seus problemas coa comida.
- ✓ Unha vez descartado un problema físico, pasamos a tratar de que as horas da comida sexan momentos agradables e sen interferencias e distraccións.
- ✓ Se o problema é que o neno/a come moi lento e distráese con facilidade, temos que retirar todo o que pode distraer ó neno/a á hora da comida (TV,...).
- ✓ En primeiro lugar, en vez de presentarlle un plato repleto de comida podemos empezar por presentarlle un plato con pouca cantidade de comida, e se pode ser apetecible para el/ela. Temos que ter en conta de que hai nenos/as que comen menos que outros e que isto é normal.
- ✓ O neno/a debe chegar á hora da comida con algo de fame polo que debemos evitar as comidas entre horas.
- ✓ Non debemos prestar atención ás conductas negativas que, durante a comida, leve a cabo o neno/a. Canto máis ignoremos estas conductas e menos atención lle prestemos, máis fácil será que desaparezan.
- ✓ Debemos prestar atención e eloxiar as conductas e formas axeitadas de comer do neno/a.

# Recomendacións sobre os xoguetes

## Os xoguetes...

Agora que chega o Nadal e todos estamos preocupados polos xoguetes cos que xogan os nosos nenos e nenas, é importante que teñamos en conta unha serie de medidas de precaución á hora de elixir os agasallos dos nosos fillos...

## Consellos prácticos:

- ✓ Os xoguetes deben estar sempre adaptados á idade do neno ou nena.
- ✓ Temos que evitar os xoguetes con pezas pequenas que poidan provocar un atragantamento involuntario ou algún outro problema ó introducilo nalgún orificio como a nariz, os oídos...
- ✓ Os xoguetes teñen que procurar desenvolver a imaxinación e a creatividade do neno/a, de xeito que non lle de todo feito.
- ✓ Teñen que ser xoguetes sinxelos, e que permitan xogar e interactuar con máis membros da familia.
- ✓ Evitar, na medida do posible, os xogos mecanizados
- ✓ Temos que permitir ó neno/a que xogue de diferentes maneiras cun mesmo xogo, que explore todas as súas posibilidades.
- ✓ ¡Olo coa publicidade! Non debemos deixarnos levar polas grandes campañas publicitarias; o mellor xoguete non é sempre o que máis sae na televisión.
- ✓ Temos que evitar que os nosos fillos e fillas estean en contacto excesivamente con estas campañas (televisión, catálogos...)




# Prevención de accidentes infantiles

## A Asfixia

Os nosos nenos máis pequenos corren o risco de atragantarse pola aspiración de corpos estranos que introducen na boca como pilas, contas de colares, froitos secos, pendentos... O noso deber é evitar que isto ocorra na medida do posible, polo que neste folleto, lle damos unha serie de recomendacións ó respecto, que nos poden axudar a evitar moitos accidentes.

### Consellos prácticos para previr as asfixias no fogar:

- ✓ Temos que ensinar ós nenos a comer correctamente desde pequenos procurando que o fagan despacio e que non falen, nin choren nin corran mentres están comendo.
- ✓ Non permita as competicións infantís durante as comidas para comprobar "quen come máis rápido".
- ✓ Non introduza os alimentos na boca do neno aproveitando que este abre a boca mentras chora.
- ✓ Os pais e adultos en xeral non deben meterse obxectos na boca diante dos nenos como por exemplo os cravos mentres se utiliza o martelo, as agullas mentres cosemos... o neno o imitará á primeira oportunidade.
- ✓ O neno pequeno non debe dormir nunha mesma cama acompañado dun adulto, polo perigo de sofocación do neno ó dar os maiores voltas na cama durante o sono.
- ✓ O neno non debe quedar só no baño nin un solo minuto.
- ✓ O neno non debe xogar con bolsas de plástico, e menos todavía deixar que introduzan nelas a cabeza.
- ✓ Coidado cos xoguetes con pezas pequenas que poden ser introducidas polo neno na nariz, oídos, boca... porque pode ser a causa da asfixia o dun problema físico.



# RIMAS DA PAZ

A min gústanme as pombas,

a paz,e non as bombas.

CRISTIAN E SARA

Nós escribimos nunha tarxeta:

2º

“ A PAZ é moi bonita”

A guerra non é xusta

Que a PAZ sexa unha festa.

RODRIGO E IVAN

6º

Que os pobres teñan saúde

Que os pobres non teñan enfermidade.

## A PAZ

O mundo está dividido entre os ricos e os pobres. Eu vivo na parte dos ricos e por iso quero que os nenos que viven na outra parte teñan os mesmos dereitos que eu; que teñan unha casa para abrigarse e pan e comida para comer.

Nos países pobres tamén teñen guerras que aínda os fan máis pobres. As guerras traen problemas e disgustos. Os países que están en guerra non teñen comida, teñen enfermidades e morre moita xente.

A min gustaríame axudar ós nenos destas zonas

Seila Masenlle -3º



## O DÍA DA PAZ

O día 30 de Xaneiro celebramos en todo o mundo o día da Paz. Tamén no noso colexio o celebramos:

Uns días antes fixemos unhas tarxetas onde cada un escribía unha mensaxe: un desexo de Paz.

Ese día saímos todos ó patio cada un coa súa mensaxe e fomos poñéndoo no medio do campo. Deixámoslos alí mentres todos xuntos cantamos a canción "Sólo le pido a Dios" que nos ensinou o profesor de Música. Ó rematar a canción cada un colleu unha tarxeta (que non fora del)

Por último soltamos unha pomba que se asustou un pouco e foi a dar a uns toxos pero despois ela mesma xa se foi voando.

Sergio Portela -3º



## O COLEXIO DE CHOCOLATE

Despois das vacacións de verán Sara e Felipe volverónse atopar, eran moi amigos e ían xuntos á escola tódolos días.

Cando chegaron a clase, o colexio era de chocolate, tamén os libros, as maletas... Sara e Felipe comeron a metade do colexio, os libros, as porterías, os balóns... pero despois apareceu a bruxa e meteunos nunha xaula.

Sara e Felipe déronse conta de que tiñan cerca a escoba que a bruxa utilizaba para voar, entón colleron a escoba, saíron da xaula e botaron a bruxa para sempre do colexio.

Yoel-3º



## O MUNDO MÁXICO

Érase unha vez un país moi lexano onde vivían uns trasnos chamados Pepito, Xaimito Ramonciño e Xoaniño.

Un día todólos trasnos saíron traballar á mina. Cando Pepito comezou escavar na parede mirou un diamante de cor vermella, rosa, azul, e verde. Cada vez había máis diamantes pero xa se estaba facendo de noite, entón os trasnos recolleron os diamantes e leváronos para casa.

Á mañá seguinte volveron á mina e seguiron escavando. De súpeto, Xaimito mirou un mapa, e dixo: ¡Vinde, mirad o que atopei!. Era un mapa para atopar un tesouro e puxéronse a cavar onde dicía o debuxo. De pronto atoparon unha caixa moi grande e intentaron abrila pero non foron capaces. Pero entón Xoaniño mirou que había algo na terra medio escondido: ¡era unha chave!. Abriu a caixa e todos descubriron que estaba chea de moedas de ouro. Dende aquel día os enanitos viviron felices e contentos co seu tesouro

Araceli -3º



## A CASTAÑA PEPITA

Un día de outono Iván e Rodrigo ían camiñando para Bueu, cando de repente se atoparon cunha castaña que estaba perdida.

A castaña preguntoulles:

- ¡Ola amiguinhos! ¿Onde estau?

- Iván díxolle: estas no centro de Bueu.

- A castaña respostoulles ¡moitas grazas! pois vou seguir camiñando ata un cartibreiro que hai alí en Cabodra onde me estan esperando os meus amigos e amigas.

¿Queredes acompañarme? dixo a castaña.

Os nenos encantados decidiron

acompañá-la cartaña ata alí.  
Cando chegaron os curixos e as cartañas  
déronlle as gracias por acompañada  
súa amiga Pepita e convidáronos a  
quedar alí para celebrar unha  
festa.

Era tardiña xogaron ó escondite, ás  
caricas ó trompo, tamén bailaron  
moito e quedaron a durmir alí ata  
o día seguinte pola mañá que  
voltaron para o cole de Cela.

Iván e Rodrigo 6º curso



## Camilo José Cela (1916-2002)



Escritor español, premio Nobel, autor de obras narrativas, poesía, memorias e libros de viaxes. Naceu en Padrón (Iria Flavia) a Coruña, estudiou na universidade de Madrid e loitou no bando franquista durante a Guerra Civil española. Posteriormente rechazou a dictadura de Franco e mantuvo unha actitude independente e provocativa. O seu estilo inicial, coñecido co termino taurino de tremendismo, queda patente na súa primeira novela, **La familia de Pascual Duarte (1942)**. Debido a problemas coa censura, **La colmena (1951)**, unha de súas novelas máis celebradas, na que presenta a vida miserable duns seres de Madrid dos anos inmediatamente posteriores á Guerra Civil española, tivo que publicarse en Bos Aires. A crítica señalada que supuso a incorporación española a novelística moderna. A súa obra, en xeral, caracterízase pola experimentación de forma e contido, como na súa novela **San Camilo, 1936 (1969)**, que está escrita nun monólogo interior continuo. Outras novelas de Cela son **Mrs. Caldwell habla con su hijo (1953)**, **Oficio de tinieblas-5 (1973)**, súa obra máis arriscada e vanguardista, é **Cristo versus Arizona (1988)**, donde abandona unha vez máis os moldes narrativos convencionales cun discurso de raíz moi española nunha ambientación norteamericana. En 1956, Cela fundou a influente revista literaria Papeles de Son Armadans da que foi director e donde publicou a moitos escritores españoles en exilio durante a dictadura franquista. Seus libros de viaxes inclúen **Viaje a la Alcarria (1948)**, o máis celebrado seu dos de este xénero, é **Del Miño al Bidasoa (1952)**. Publicou tamén poesía, **Pisando la dudosa luz del día (1945)**, e estrenado teatro, **María Sabina (1970)**. É autor asimismo de varios volumens de memorias e numerosos relatos, artigos periodísticos e traballos de erudición entre os que destaca o seu **Diccionario secreto (1968 e 1971)**. Entre outros premios recibiu o Premio Nobel da Literatura en 1989, e o Premio Cervantes en 1995. En 1996 foi nombrado marqués de Iria-Flavia. Morreu no mes de Xaneiro deste ano 2002 e foi enterrado no cemiterio de Padrón debaixo dun olivo, tal e como él desexaba.


## A aula de Informática

No noso Colexio hai novas negativas e positivas. Unha das noticias positivas é que xa chegaron os ordenadores para a Aula de Informática que se vai facer.

Agardamos que a poñan a funcionar pronto para que nós poidamos ir alí a aprender informática.

Esta nova foi unha das máis positivas que aconteceron no noso Colexio no curso 2.001 - 02.

Davinia Padín (5º)



## Xornada lectiva en sesión única de mañá

O 19 de febreiro pasado houbo votacións no Centro para decidir a implantación da xornada única cara o vindeiro curso escolar.


O resultado acadado foi favorable, rexistrándose unha participación masiva por parte dos pais/nais dos alumnos.

## O pavillón dos deportes

A mín gústanme os deportes, o malo é que onde eu vivo non temos pavillóns, nin pistas deportivas. O único que hai está no Colexio: catro porterías de fútbol e dúas canastas de baloncesto. Ó lado do Colexio atópase un pavillón "a medias", pois parece que non hai diñeiro para rematalo.

Espero que o acaben antes de que eu termine a Primaria para poder xogar e divertirme moito nel.

Rubén Cabodevila Pereira (5º)



# HUMOR

Ían dos ratitas paseando  
pola rúa e pasa por enriba  
delas un morcego  
-¿qué é iso?-di unha  
ratiña  
È o meu noivo, que é  
piloto  
Álvaro-3º



Érase unha vez un galego e un  
ingles que ían paseando  
nunha barca. De súpeto caeuse  
o inglés á auga e pedía  
axuda:!!help, help!! E o  
galego dille:”gel non teño ,  
pero ¿queres champú?  
Yoel-3º

Un rapaz preguntalle a unha nena:  
-Se este tren fora de chocolate¿por  
onde empezarias a comelo?  
E a nena contestou:  
-Polas rodas. Así o tren non se escapa.  
Jonatan 3º

-¡Camareirooo!Hai  
un pelo na miña  
sopa.  
E responde o  
camareiro:  
-Claro, é unha sopa  
de cabelo de anxó.  
Yoli 3º

Nunha cárcel había dous presos que  
querían escapar pero para escapar tiñan  
que saltar 100 vallas, Chegaron ás 25 e xa  
estaban un pouco cansos, chegaron ás 50 e  
pensaron que xa lles quedaba menos,  
chegaron ás 75 e non podían co corpo pero  
siguieron e cando chegaron ás 99 non  
podían máis ...e deron volta atrás  
Araceli 3º



Ía unha galleta polo bosque  
cantando:¡Son unha  
galleta,son unha galleta!Vai  
un cazador e lle dispara e  
despois canta a galleta:¡Son  
un donuts, son un donuts!  
Aída -3º


Era un home tan  
baixiño tan baixiño  
que confundiu o  
borde da escalera  
coas murallas de  
Lugo  
Irene-3º



Un atleta acaba de batir  
o record mundial dos 100  
metros lisos. Todos  
acuden a felicitalo e  
escóitano murmurar:  
-¡Como colla ó tío que  
me meteu un avispeiro  
nos pantalóns!...  
Álvaro-3º



# FÚTBOL



## CAMPIONATOS INTERNOS

### CLASIFICACIÓN

7	<b>SIMPSON</b>	0	0	3		
15	<b>CONGUITOS</b>	3	3	3		
6	<b>ROMPECANILLAS</b>	0	0	0		
9	<b>LACASITOS</b>	3	3	0		
0	<b>SABUESOS</b>	0	0	3		
7	<b>SOUTHPARK</b>	3	0	3		


### 2ª VOLTA

CONGUITOS <b>4</b>	SIMPSON <b>1</b>	SOUTHPARK	LACASITOS
LACASITOS <b>4</b>	ROMPECANILLAS <b>1</b>	ROMPECANILLAS	SIMPSON
SOUTHPARK <b>5</b>	SABUESOS <b>2</b>	SABUESOS	CONGUITOS
LACASITOS <b>1</b>	SIMPSON <b>0</b>	SOUTHPARK	SIMPSON
ROMPECANILLAS <b>0</b>	CONGUITOS <b>6</b>		
SABUESOS <b>0</b>	SIMPSON <b>1</b>		
CONGUITOS <b>3</b>	SOUTHPARK <b>1</b>		
SABUESOS <b>2</b>	LACASITOS <b>1</b>		
SOUTHPARK <b>7</b>	ROMPECANILLAS <b>1</b>		
LACASITOS	CONGUITOS		
ROMPECANILLAS	SABUESOS		

### GOLEADOR

Adrián  
Estévez  
Pastoriza

# TENIS



# MESA

Continúase a desenrolar o campionato de Tenis de Mesa masculino e feminino tódolos luns na hora do recreo no pavillón do Colexio.